ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 28 de febreiro de 2026, resolveu o seguinte:

"**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Logo de ver a acta do tribunal cualificador de data 24 de maio de 2024 en relación co proceso selectivo de un/una funcionario/a por vacante pertencente o grupo A, subgrupo 1, escala de administración xeral, subescala técnica, denominado Técnico/a de Administración Xeneral.

Logo de ver que na citada acta establécese que unha vez rematado o proceso selectivo, formarase unha bolsa de traballo cos aspirantes que superaron o proceso selectivo sen obter praza ordenados de maior a menor puntuación, para cubrir no seu caso eventuais e futuras necesidades temporais de persoal que poidan xurdir na categoría profesional de Técnico/a de Administración Xeral -A1- no concello de Miño conforme ás circunstancias recollidas no artigo 10 do Estatuto Básico do emprego público

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, RESOLVE:

1.- Aprobar a formación da bolsa de traballo para a realización de contratacións laborais temporais ou nomeamentos como funcionarios interinos, na categoría de técnico/a de administración xeral, conforme á relación de aspirantes propostos polo tribunal cualificador, co seguinte orde de prelación:

APELLIDOS Y NOMBRE	N.I.F.	PUNTUACIÓN
DE CELESTINO DEL BARRIO RAFAEL	***3554**	21,00
SANCHEZ OUSINDE LETICIA	***0949**	17,94
BLANCO GARCIA BERTA	***8930**	15,66

Dita bolsa terá unha duración de tres (3) anos dende o 17 de xuño de 2024, data da toma de posesión do candidato/a proposto/a polo tribunal na acta do 24 de maio de 2024 ata o 16 de xuño de 2027.

O réxime de funcionamento da citada bolsa rexerase segundo establecido no apartado décimo das bases reguladoras e segundo se especifica nas citadas bases, extinguirase en todo caso cando teñan transcorrido 3 anos desde a súa constitución (salvo prórroga expresa por un período de 1 ano e causa xustificada), podendo non obstante extinguirse antes no caso de celebrarse nese período novo proceso selectivo para a mesma categoría con formación de nova bolsa de traballo ou no caso de quedar baleira de participantes.

2.- Publicar a lista no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica e dar conta da presente Resolución ao primeiro Pleno Ordinario que

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público

CVD: K2vWuRr0d1UFlw0V1pgL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/

se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

CVD: K2vWuRr0dlUFlw0V1pgL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemino.gal/

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño https://sede.concellodemino.gal mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público